

Continua a desenvolverse o ciclo de *TERTULIAS DO IEM: O autor e a sãªa obra* deste curso 2004-05. A terceira das tertulias terã¡ lugar o prã³ximo **venres 3 de decembro**

**ã¡s 20:30 h**

. no PAZO DA ESCOLA de Maã±ufe, Gondomar.

Nesa data estarã¡ entre nã³s o contador de historias, actor, autor e director teatral **Quico Cadaval**

que serã¡ presentado polo profesor

**Xosã© Bieito Legaspi Villamarã± n.**

Nado en Ribeira en 1960, Quico Cadaval posã³e unha ampla traxectoria profesional no eido escã©nico como director, dramaturgo, tradutor, actor e narrador, ã¡ que cã³mpre engadir os seus traballos en radio e televisiã³n.

Como director escã©nico pã³xose a fronte de montaxes como *Directamente Paco II, Dã-as sen gloria*

,  
*Squash*

,  
*Doberman*

,  
*Como en Irlanda*

,  
*A voda dos moinantes*

,  
*Cantiga do desterro*

.  
*Chanson dã´exil*

,  
*A cor das cerejas*  
(en Portugal),  
*Speer. El arquitecto de Hitler*

,  
*Un lunar vermello*

e

*A Cigana vermelha da Ilha Terceira*

(en Portugal tamã³n)... E foi axudante de direcciã³n en espectã¡culos como

*A pousadeira*

,  
*El astrólogo fingido*

,  
*La noche de las*

*Tribadas,*

*A esmorga*

ou

*Si o vello Sinbad volvese ás illas*

... ? guionista e director dos espectáculos de

**Mofa e Befa**

(

*Para ser exactos*

,  
*Cultura para dar e*

*tomar*

e

*Finis Mundi Circus*

) cos que segue a traballar despois de máis de dez anos (actualmente no programa

*Máxima Audiencia*

da Televisión de Galicia).

Como autor responsable de *Un Cãdice clandestino* (interesante montaxe sobre as cantigas medievais galego-portuguesas),

*O Rousinol da*

*Bretanha*

(Premio Compostela ao mellor texto teatral en 1992), máis representadas polo seu grupo

**O Moucho Clerc**

,  
*Balada das mulleres doutro*

*tempo*

(con Xepe Casanova),

*O rei nu*

(con Cãndido Pazã),

*Memoria de*

*Antã-gona*

(con Xabier Lama), a adaptación de

*Se o vello Simbad volvese ás*

*illas*

,  
*Rapatã*

(que recibiu o premio Marã-a Casares ao mellor texto adaptado na edición do ano 2003),

*O ano da cometa*

Escrito por  
Mércores, 01 Decembro 2004 06:40

---

ou textos adicionais para grupos como

**Ollomol**

ou

**TBO Teatro**

É tradutor tamén de *Gali e Matás*, de H. Parmeline e *O bestiario do amor*, de R. de Fournival.

Como narrador de historias ten varios espectáculos segundo a temática: a violencia contemporánea, historias de marixeiros, contos árabes ou contos tradicionais, o seu *Falar x Falar*, co que percorreu toda Galicia e ten participado nos máis importantes eventos internacionais do xénero. Achégase hoxe ás 300 representacións.

Na televisión participou no programa *Apaga a lus* da TVG, na *Operación Trunfo* da televisión portuguesa como profesor de interpretación, na

*A Rosa de Pedra*

e no programa

*Máxima Audiencia*

, tamén na TVG, na que dirixe na actualidade a serie

*A miña sogra e máis eu*

. Participou tamén na radio en programas para Radio Fene, Radio 4 de RNE, Radio Galega ou Radio Voz.

Como sempre ao remate da conferencia-coloquio, aberta ao público, celebrarase unha CEA cos conferenciantes, no mesmo Pazo da Escola, previa reserva que se poderá facer no 629 890 320.